

Criterios de avaliación probas de acceso Itinerario de Interpretación de Percusión (Parte A)

1. Interpretación das obras amosando o control técnico necesario para unha comunicación da estrutura, ideas e materiais musicais das mesmas con rigor (40%)
Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:
 - a) Dificultade do repertorio presentado
 - b) Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, *tempi*, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e planos sonoros.
 - c) Dominio instrumental: control das diferentes técnicas de agarre, limpeza e claridade do son, proxección do son, preparación e elección de timbres e baquetas axeitadas.
2. Coherencia entre o estilo interpretativo do aspirante e a forma e estética das obras presentadas (40%)
Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:
 - a) Fidelidade interpretativa acorde ao estilo: control da ornamentación, do rubato, das agónicas e dinámicas, do fraseo e da articulación.
 - b) Fidelidade aos aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical.
3. Interpretación das obras amosando a capacidade expresiva necesaria para a posta en escena das mesmas (20%)
Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:
 - a) Adecuación do xesto á interpretación musical e posta en escena axeitada ao contexto artístico e estético da obra.
 - b) Concentración ao longo da proba, control postural e da respiración, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso), e a achega persoal ao enriquecemento da interpretación.

Criterios de avaliación probas de acceso Itinerario de Interpretación de Percusión (Parte B)

1. Identificación a través da análise dos diferentes elementos e características da obra ou fragmento musical proposto.
Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:
 - a) Recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal e a análise dos diferentes parámetros presentes no texto musical proposto (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas).

Criterios de avaliación probas de acceso Itinerario de Interpretación de Percusión (Parte C)

1. Interpretación pública do fragmento proposto polo tribunal amosando control da lectura á primeira vista.
Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:
 - a) Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, *tempi*, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto.